

LITERATURA UNIVERSAL

1. O heroe clásico da épica grega e latina. [3 puntos]
2. Escriba aproximadamente un folio sobre a obra da Ilustración ou do Romanticismo que leu, explicando o seus temas más importantes, personaxes, tempos, espazos e estilo. Anote exemplos concretos dos textos. [3 puntos]
3. Redacte a súa opinión persoal e razoada sobre a importancia e transcendencia LITERARIAS da obra que elixise como lectura do bloque 2 (desde a segunda metade do século XIX á actualidade). [3 puntos]
4. Case correctamente estes datos e redacte dez textos breves con eles [1 punto]:

Honoré de Balzac	USA	<i>Follas de herba</i>	Un dos personaxes é Venres.
Emily Brontë	Francia	<i>Cumes borrascosos</i>	Libro de poemas que exalta o corpo e o mundo material.
Mary Wollstonecraft	Francia	<i>O Hobitt</i>	Pertence ó “teatro do absurdo”.
Günter Grass	Gran Bretaña	<i>A novela de María</i>	Familia de Xigantes
Walt Whitman	Romanía	<i>O tambor de folla de lata</i>	O título é o lugar onde se desenvolve a acción.
Eugène Ionesco	Gran Bretaña	<i>Robinson Crusoe</i>	Trata a situación da muller no século XVIII.
Mark Twain	Gran Bretaña	<i>Huckleberry Finn</i>	A vida en París na primeira metade do século XIX.
J.R.R.Tolkien	USA	<i>O tío Goriot</i>	Novela fantástica que o autor escribiu para divertir aos seus fillos pequenos.
D. Defoe	Gran Bretaña	<i>Gargantúa e Pantagruel</i>	Un neno, o Mississipi.
Rabelais	Actual Polonia	<i>A cantante calva</i>	Relato da vida dun neno durante a Segunda Guerra Mundial.

LITERATURA UNIVERSAL

1. El héroe clásico de la épica griega y latina. [3 puntos]
2. Escriba aproximadamente un folio sobre la obra de la Ilustración o del Romanticismo que ha leído y explique sus temas más importantes, personajes, tiempos, espacios y estilo. Anote ejemplos concretos de los textos. [3 puntos]
3. Redacte su opinión personal y razonada sobre la importancia y trascendencia LITERARIAS de la obra elegida como lectura del bloque 2 (desde la segunda mitad del siglo XIX hasta la actualidad). [3 puntos]
4. Case correctamente estos datos y redacte diez textos breves con ellos. [1 punto]

Honoré de Balzac	USA	<i>Hojas de hierba</i>	Uno de los personajes es Viernes.
Emily Brontë	Francia	<i>Cumbres borrascosas</i>	Libro de poemas que exalta el cuerpo y el mundo material.
Mary Wollstonecraft	Francia	<i>El Hobitt</i>	Pertenece al "teatro del absurdo".
Günter Grass	Gran Bretaña	<i>La novela de María</i>	Familia de Gigantes.
Walt Whitman	Rumanía	<i>El tambor de hojalata</i>	El título es el lugar en el que se desarrolla la acción.
Eugène Ionesco	Gran Bretaña	<i>Robinson Crusoe</i>	Trata la situación de la mujer en el siglo XVIII.
Mark Twain	Gran Bretaña	<i>Huckleberry Finn</i>	La vida en París en la primera mitad del siglo XIX.
J.R.R.Tolkien	USA	<i>Papá Goriot</i>	Novela fantástica que el autor escribió para divertir a sus hijos pequeños.
D. Defoe	Gran Bretaña	<i>Gargantúa y Pantagruel</i>	Un niño, el Mississipi.
Rabelais	Actual Polonia	<i>La cantante calva</i>	Relato de la vida de un niño durante la Segunda Guerra Mundial.

CRITERIOS AVALIACIÓN LITERATURA UNIVERSAL**1. O heroe clásico da épica grega e latina. [3 puntos]**

A pregunta céntrase na caracterización dos heroes épicos greco-latino, **non no resumo das obras da épica greco-latina**.

Débese explicar brevemente o contexto dos heroes nos grandes ciclos míticos (o tebano, o de Heracles, o dos Argonautas e o troiano), explicar as súas características nas obras de Homero, s. VIII a. C. (*Iliada* e *Odisea*), Virxilio, s. I a. C. (*Eneida*) e aludir á finalidade desta literatura e o significado dos seus protagonistas. Débese aludir, tamén, a Ovidio (s. I a. C.- I d. C.) e ao seu poema épico-mitolóxico *Metamorfozes*, e a Lucano (s. I d. C.) e á *Farsalia*, épico-historicista. Non se trata de resumir o argumento das obras, senón de sintetizar a prefiguración épica dos seus heroes: forzas condutoras dos seus feitos, importancia dos antagonistas e dos opoñentes na determinación da súa grandeza, fin tráxico e dimensión universal de, polo menos, Aquiles, Héctor, Ulises e Eneas.

2. Escriba aproximadamente un folio sobre a obra da Ilustración ou do Romanticismo que leu, explicando o seus temas más importantes, personaxes, tempos, espacios e estilo. Anote exemplos concretos dos textos. [3 puntos]

Debe escollerse unha obra do período proposto: a prosa ilustrada (Voltaire, Diderot, Montesquieu, Madame de Staël, Chateaubriand); a novela inglesa e a europea (Daniel Defoe, Jonathan Swift, Laurence Sterne; Voltaire; Puskin, Manzoni); a conciencia histórica e o novo sentido da ciencia do Romanticismo (Rousseau, Goethe); os románticos (Goethe, Schiller, Heine, Lamartine, Vigny, Musset, Victor Hugo, Leopardi, Pushkin, A. de Quental, Byron, Shelley, Keats, Tennyson, Browning, Barret Browning; a novela histórica (W. Scott).

Do título elixido explicarase a caracterización dos personaxes, o tempo, o espacio, as características da voz narrativa ou lírica, o estilo do texto, o conflicto que desenrola e o seu tema central, ademais da importancia desta obra no seu contexto literario e a relevancia da mesma na literatura universal.

3. Redacte a súa opinión persoal e razoada sobre a importancia e transcendencia LITERARIAS da obra que elixise como lectura do bloque 2 (desde a segunda metade do século XIX á actualidade). [3 puntos]

A opinión persoal debe ser razoada e sustentarse en criterios ESTÉTICOS, non en impresións subxectivas ou valoracións extraliterarias. Non se trata de valorar se a obra elixida é boa ou mala ou se cumpre ou non as expectativas de quen a leu. Trátase de expresar, con **argumentos literarios**, a importancia dessa obra no conxunto da literatura e na literatura da lingua á que pertence, así como de comentar en que medida beben dela outras obras doutros tempos, doutros países ou doutros xéneros.

4. Case correctamente estes datos e redacte dez textos breves con eles. [1 punto]

É necesario casar os datos das catro columnas para redactar os dez textos que se solicitan. Cada un deles computará 0,1 puntos se os **catro** datos que o compoñen son correctos.

EN TODAS AS PREGUNTAS É NECESARIO DEMOSTRAR CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA E ORTOGRÁFICA. AS FALTAS DE ORTOGRAFÍA, DE ACENTUACIÓN, DE PUNTUACIÓN E DE EXPRESIÓN BAIXARÁN A NOTA FINAL DO EXAME.